

A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL (Culturmar)

1. Personalidade, fins e obxectivos de Culturmar.

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (en adiante Culturmar) nace no ano 1993 ao abeiro dunha xuntanza de embarcacións tradicionais celebrada en Ribeira co obxectivo de defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia (máis adiante tamén fluvial), particularmente as embarcacións tradicionais que o integran.

Culturmar ficou formalmente constituída no ano 1994, inscrita no **Rexistro Nacional de Asociacións co número F-1746**, en data do 21 de novembro de 1994.

Co gallo da adaptar os seus estatutos á **Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación**, normativa que lle é de aplicación, modificou os seus estatutos en Asemblea Extraordinaria celebrada o 13 de Febreiro de 2006, sendo estes visados pola Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante resolución asinada o 18 dedecembro de 2007 e ficando inscrita co número **2007/000185-2 (SC) do seu Rexistro Central de Asociacións**.

No ámbito internacional, Culturmar é **membro da European Maritime Heritage (EMH)**, asociación de carácter internacional ao abeiro da Unesco e que asesora as autoridades da Unión Europea nos temas do patrimonio marítimo; incorporación que se materializou en Bruxelas o 16 de maio de 2009. Dende ese momento Culturmar convértese no primeiro e único representante do Estado Español de pleno dereito no EMH.

En setembro de 2010, no 7º Congreso de EMH realizado en Lisboa, Culturmar foi nomeada membro do Comité Executivo e pasou a formar parte das comisións de Cultura e de Seguridade desa asociación.

Culturmar ten como *principais fins* os seguintes:

- A defensa, conservación e difusión da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia así como das súas costas e ribeiras.
- O fomento do uso social e a dinamización do patrimonio marítimo.

Para levar a cabo ditos fins, Culturmar desenvolve accións encamiñadas a acadar os seguintes *obxectivos*:

- Coordinar e asesorar as actividades de inventariado, investigación, conservación e restauración levadas a cabo polas asociacións federadas.
- Facilitar a xestión das asociacións ante ás Administracións.
- Servir de enlace entre as asociacións federadas.
- Fomentar actividades de animación cultural e prácticas deportivas.
- Difundir a cultura marítimo-fluvial entre a xuventude e o fomento da súa participación.

As *actividades* que desenvolve abranguen a elaboración estudos teóricos sobre embarcacións; a realización de exposicións e mostras do patrimonio cultural e natural; a edición de libros, monografías e revistas; a organización de xornadas técnicas e seminarios relacionados co patrimonio natural e cultural; e, principalmente, eventos públicos con embarcacións tradicionais, entre os que salienta o *Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia*.

Así pois, dende o seu inicio Culturmar caracterizouse pola realización das seguintes accións:

- Recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais.
- Realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo.
- Dinamización das embarcacións mediante a realización de exhibicións conxuntas.
- Difusión do patrimonio marítimo e fluvial galego.
- Fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros.

Froito deste labor ao longo de 27 anos, Culturmar recibe no ano 2015 o **Premio da Cultura Galega** na modalidade de *Patrimonio Cultural* como recoñecemento á súa traxectoria a prol da salvagarda do patrimonio galego vinculado á cultura do mar e dos ríos, e do seu labor destacado na recuperación e difusión das embarcacións tradicionais.

2. Colectivos que integran e conforman Culturmar.

Desde que no ano 1993 as cinco primeiras entidades da listaxe que figura a seguir se aliaron para traballaren conxuntamente e dar vida á Federación, a nómina de asociacións integrantes foi medrando ano a ano. Trátase fundamentalmente de asociacións sen ánimo de lucro que teñen como única ou principal función a defensa e divulgación do patrimonio marítimo.

Unha das principais singularidades de Culturmar, radica en que as asociacións que a compoñen conforman unha rede de voluntariado que traballa na defensa do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia de ahí que a Federación esté inscrita no **Rexistro Entidades de Acción Voluntaria** co número **O-582**

Actualmente Culturmar está integrada por 43 colectivos, que inclúen asociacións culturais, deportivas, veciñais e mesmo colexiadas, espalladas por toda a xeografía galega, con predominio das Rías Baixas.

Desde hai anos participan activamente e con carácter permanente algunhas asociacións do norte de Portugal.

1. Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo- C.R.A.C. CORUXO (Vigo)
2. Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna (Ribeira)
3. Asociación Amigos da Dorna Meca (O Grove)
4. Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos (Bueu)
5. Grupo Etnográfico Mascato (Cambados)
6. Club do Mar de Ferrol (Ferrol)
7. Asociación Cultural e Deportiva Dorna (A Illa de Arousa)
8. Asociación Gameleiros Asodiña (Vigo)
9. Mariñeiros Artesanales e deportivos San Miguel de Bouzas (Vigo)
10. Asociación Sodináutica (Vigo)
11. Clube Mariño A Reiboa (Poio)
12. Real Club Náutico Sanxenxo (Sanxenxo)
13. Asociación Deportiva e Cultural Rabandeira (Vilanova de Arousa)
14. Amigos da Dorna de Portonovo (Sanxenxo)

15. Asociación Cultural Canle de Lira (Carnota)
16. Asociación Recreativa Mar de Pedra de Amigos das Gamelas (Cangas do Morrazo)
17. Asociación Recreativa e Cultural Sueste (Moaña)
18. Asociación Cultural e de Tradicións Mariñeiras Gamela (Boiro)
19. Barcos do Norte (PORTUGAL)
20. Asociación Cultural Deportiva e Prestadora de Servizos Xuvenís ROMPETIMONS (Vilagarcía de Arousa)
21. Asociación Cultural Mar de Muros (Muros)
22. Asociación Mar de Noia (Noia)
23. Club Marítimo de Redes (Ares)
24. Asociación Cultural Lajareu por Barlovento (Ribeira)
25. Asociación Cultural Gameleiros (Vigo)
26. Asociación Marítima e Cultural Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa)
27. Asociación Cultural Deportiva e Promotora de Actividades Xuvenis FASQUÍA (Illa de Arousa)
28. Fundación Expomar (Burela)
29. Instituto Estudos Miñoranos (Gondomar)
30. Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais de Galicia (A Coruña)
31. Asociación Calmoseira (Cambados)
32. Asociación Forum Expositense (PORTUGAL)
33. Colexio e Asociación de Enxeñeiros Navais e Oceánicos- Delegación Galicia (Ferrol)
34. Asociación Amigos do Museo do Mar de Galicia (Vigo)
35. Asociación Balandro Joaquín Vieta (Noia)
36. Grupo de Traballo polo Patrimonio Marítimo A OSTREIRA (Muros)
37. Asociación Cultural Mariñeira OS PATEXEIROS (Sada)

38. Asociación Cultural Ronsel (Marín)
39. Asociación Galega de Barcos Clásicos de Época AGABACE (O Grove)
40. Asociación Cívico Cultural Terra de Outes (Outes)
41. Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais A TORRE (Cambados)
42. Fundación Xosé Soto de Fión (O Saviñao)
43. Asociación de Embarcacións Tradicionais Piueiro (A Guarda)